



O PSdeG de Antas esixe ó alcalde “que abandone o sectarismo e deixe de boicotear obras en contra dos intereses veciñais”

A voceira socialista asegura que “hai sobrada mostras” de que o rexedor “pon todas as trabas posibles para entorpecer ou incluso evitar que os veciños fagan os proxectos para os que recibiron axudas do plan provincial de comunidades veciñais en Olveda e Os Caneiros”

“É inaceptable que a veciñanza pague a mala xestión de Varela e se vexa privada de investimentos simplemente porque el quere conservar a toda costa o seu sillón e os tres soldos públicos do seu grupo de goberno”, subliña García Porto

O PSdeG de Antas de Ulla esixiu esta mércores ó alcalde que “abandone dunha vez o sectarismo e deixe de boicotear obras en contra dos intereses veciñais, simplemente polo feito de estar financiadas por outra administración que non é da súa cor política”. A voceira socialista no Concello, Pilar García Porto, explicou que “hai sobradas mostras” de que o rexedor está a poñer “todas as trabas posibles para entorpecer e incluso evitar que os veciños poidan facer os proxectos para os que recibiron subvencións do último plan provincial de Comunidades Veciñais nas parroquias de Olveda e Os Caneiros”.

Ademais, sinalou, “desaproveita por sistema as axudas que lle ofrece a Deputación: perdeu máis de 330.000 euros por rexeitar o programa tecnolóxico Innova-TE, co que podería ter implantada a administración electrónica; e negouse a entrar no plan de aforro enerxético, grazas ó que os Concellos poden aforrar ata o 20% no gasto de electricidade e que é totalmente gratuíto, mentres se sumou a un da Xunta polo que ten que pagar”. A pesar diso, o organismo lugués, argumentou a tamén deputada provincial de Economía, Recadación e Facenda, “mantén os seus compromisos co Concello e ingrésalle mes a mes máis de 30.000 euros correspondentes ó adianto da recadación de taxas municipais que lle xestiona, algo moi beneficioso para o alcalde porque lle axuda a dispoñer de liquidez, sobre todo tendo en conta a desastrosa situación económica na que mantén as arcas municipais”.

A voceira socialista cualificou de “inaceptable” que os veciños “paguen a mala xestión de Varela e se vexan privados de investimentos moi beneficiosos simplemente porque quere conservar a toda costa o sillón e os tres soldos públicos do seu grupo de goberno, poñendo os intereses partidistas e electorais por riba dos da veciñanza”. O alcalde “debería seguir o exemplo do seu compañeiro de Portomarín, que aínda recoñecendo que non lle gusta que se fagan no seu concello obras do organismo provincial, non lles pon trabas porque é consciente de que son beneficiosas para os seus veciños”, indicou.

Neste senso, requiriu ó rexedor que “facilite no posible as obras do plan de comunidades veciñais e deixe de poñer trabas de xeito arbitrarias co único fin de entorpecelas, pois son actuacións moi demandadas polos veciños, de feito foron eles os que se preocuparon de conseguir por si mesmos a financiamento doutras administracións, liberando desta carga ó Concello, que adebeda máis de un millón de euros en facturas no ano 2013”.

"Segue a discriminación de Feijóo"

Con esta "actitude sectaria e discriminatoria" o rexedor de Antas "segue ós seus xefes de Santiago", afirmou a voceira: "Feijóo non fai máis que poñer trabas a proxectos públicos de interese social, como son o centro da terceira idade de Monterroso ou a rede de residencias e centros de día da Deputación, mentres segue a concertar prazas en xeriátricos privados e fai que apoia as iniciativas doutros concellos da provincia, como Foz, Palas, Baleira e tamén Antas, aínda que soamente para lavarse a cara, pois no caso de Antas prometeron 2,8 millóns de euros neste 2013 para ampliar a residencia, e nada se sabe deles; en Foz, os 500.000 euros comprometidos chegarán pouco máis que para o movemento de terras; e nos casos de Palas e Baleira non teñen decidido quen e como se custeará o funcionamento das instalacións". O Goberno galego tamén "segue a discriminar á provincia", recalcou, "ó non dotar ó HULA dos servizos de Hemodinámica as 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear que comprometera na inauguración do hospital hai dous anos".

Lugo, 2 de outubro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo